

## "A pantasma choromicas"



Había unha vez unha pantasma que se chamaba Antonio.

Antonio choraba sempre ás dez, e os veciños do poboado do lado non podían durmír.

Entón mandaron ao panadeiro que fora buscalo e lle preguntara por que choraba.

Ao ver que, ao cabo de dous meses o panadeiro non volvía, comezaron a preocuparse; entón ocorréuselle




unha boa idea ao ferreiro: que alguén fose buscalo, e, coma ninguén quería ir, o mesmo ferreiro foi na súa busca.

Ao cabo dun mes, o ferreiro xa estaba na porta da mansión da

pantasma.

Entrou na mansión cun críiiiiiiic de porta, chegou á habitación da pantasma, viu unha cousa branca debaixo da saba e... de repente escoitou un ñic-ñicñicñic-ñicñicñicñic... Deu a volta e pensou:

- Será unha rata?



Volverse cara adiante, levantou a saba e o que viu deixouno atemorizado: debaixo da saba había un esqueleto!

Escoitou un buuu! ás súas costas... deu a volta e... tal susto llo tiña dado o panadeiro!!!

O ferreiro tardou un rato en recuperarse do susto, e o panadeiro esperou.






Cando se recuperou do susto preguntoulle por que non volveira, e o panadeiro respondeulle que se perdera polos corredores da mansión.

O ferreiro mirou o reloxo, marcaba as dez, e nese mesmo intre oíron os choros de Antonio.

Por sorte o ferreiro trouxera uns tapóns para os oídos en previsión deste momento.



O son viña de arriba, e ambos os dous foron para alí, pero non víron nada que puidese facer ese son. Volveron para abaixo, e, nese momento, Antonio entraba pola fiestra, subiron e atopáronse coa pantasma; preguntáronlle por que choraba e, como era de esperar, non atoparon resposta, o único que escoitaron foi algo parecido a un asubío.

Volver soar o ñic-ñicñicñic-ñicñicñicñic, e a rata converteuse en persoa!



O home rata díxolles que a pantasma díxera que non eran benvidos naquela mansión:

- Ídevos de aquí - soou unha voz de ultratumba- son a pantasma Antonio.

O panadeiro e o ferreiro escaparon a “fume de carozo”, baixaron a escaleira dando brincos de catro en catro banzos, e saíron pola porta coma se levasesen “un foguete no cu”.

**DARÍO ENOCH LAMAS IGLESIAS**

**3º EP**

